



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

ACTA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE FISTERRA CELEBRADA O 04/02/2021.

ASISTENTES:

Presidente:

José Marcote Suárez.

Pleno celebrado de forma telemática pola situación derivada da pandemia do Covid 19.

Concelleiros/as:

Partido Popular

José Manuel Traba Fernández.

Santiago Insúa Esmorís-Recamán.

Daniel Juan Benlloch Rivas.

Jenifer Suárez Silva.

Leonor Castrege Fernández.

Preside o Alcalde-Presidente asistido pola Secretaria-Interventora, Marta Cajide Barbeito.

Duración da sesión: 16,05 horas ás 17,20 horas.

Partido dos Socialistas de Galicia- Partido Socialista Obrero Español.

Soledad Vilela Romero.

María Rocío Mariño López.

Alexandre Domínguez Lado.

Bloque Nacionalista Galego.

Xan Carlos Sar Oliveira.

Teresa Fernández Martínez.

Secretaria-Interventora

Marta Cajide Barbeito.

A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

PRIMEIRO.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES.

Apróbanse por UNANIMIDADE (ONCE VOTOS CONCELLIROS/AS).



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

SEGUNDO.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 1/2021.

Vista a Providencia de Alcaldía, que consta no expediente nº 2021/X999/000006.

Tendo en conta a necesidade de recoñecer extraxudicialmente créditos por causa de facturas correspondentes aos exercicios 2020 que non foron aprobadas en tal exercicio por canto que o proveedor, ou ben non presentou a factura no ano en que se realizou o servizo, ou ben había cuestións pendentes de resolver respecto a tal gasto ou non había crédito orzamentario ao final do exercizo para facer fronte as mesmas, así como gasto xa pagado que estaba domiciliado pero para o que non había consignación orzamentaria; estas situacións dan lugar ao presente expediente de Recoñecemento Extraxudicial 1/2021 das obrigas económicas derivadas de tal gasto devengado nun exercicio anterior cuxa imputación orzamentaria non foi posible.

Tendo en conta a aplicación da normativa sobre estabilidade orzamentaria e sobre morosidade e co fin de causar o menor perxuízo económico ao concello polo devengo dos xuros de demora.

Considerando a conformidade dada por esta Alcaldía e o Primeiro Tenente de Alcalde ás mencionadas facturas corroborando así a efectiva prestación dos servizos ou suministros detallados nelas.

Comprobada a existencia de crédito no orzamento actual, xa sexa a nivel da aplicación orzamentaria ou de vinculación xurídica.

Visto o informe da Secretaria-Interventora, que consta no expediente, de natureza desfavorable.

Atendendo aos antecedentes de feito e fundamentos de dereito, PROPONSE ao Pleno desta Corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Solventar o reparo que consta no informe da Secretaria-Interventora, atendendo que as prestacións foron realizadas e co fin de evitar o menor perxuízo económico ao concello polo devengo dos xuros de demora.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito 1/2021 con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, por un importe total 235.305,22 Euros segundo o detalle que figura na relación FRAS. REC. EXT. 1/2021.

TERCEIRO.- Proceder ao recoñecemento e liquidación das obrigas anteriores con cargo a aplicación orzamentaria que figura no cuadro anterior.

CUARTO.- Que a aprobación deste gasto dé lugar ás anotacións contables e orzamentarias que legalmente xeneren, facultando ao Sr. Alcalde para a sinatura dos correspondentes mandamentos contables.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

INTERVENCIÓNS:

O Alcalde-Presidente indica que é a primeira vez que se leva un expediente destas características a Pleno, e ven motivado porque hai que aprobar facturas do ano pasado que estaban sen pagar, a ventaxa que temos é que hai cartos para afrontar os pagos; de tódalas maneiras, esta situación ven derivada de tal como se levaba a xestión do gasto público anteriormente que era dunha maneira podese decir un tanto anárquica, o cal comporta para a Intervención actual que a verificación da información contable é máis complicada porque non existían nin aprobación nin conformación de facturas, tal e como levaba a anterior Intervención o procedemento do gasto público; por ese motivo hai que revisar o procedemento e tal como indica o informe da Secretaria-Interventora deberíase facer unha auditoría na contabilidade.

O Concelleiro do Partido Popular, José Manuel Traba intervén no seguinte senso de que se hai que pagar, tense que pagar aos provedores as súas facturas e máis nos tempos actuais, aínda que hai algunha factura como unha de teatro, que lle parece excesivo o importe, sobre uns 4.000,00 Euros atendendo a situación de pandemia e o aforo que se permite.

Por parte do Concelleiro de Cultura, Xan Carlos Sar respóndese que aínda que o importe desta factura sexan 4.000,00 Euros, está cofinanciada en gran parte pola Rede Cultural da Deputación de A Coruña, e o Concello participa nun 25% neste gasto.

Acto seguido sométese a votación a proposta, quedando ADOPTADO cos votos a favor de José Marcote Suárez, Soledad Vilela Romero, María Rocío Mariño López, Alexandre Domínguez Lado (PSG-PSOE), Xan Carlos Sar Oliveira, Teresa Fernández Martínez (BNG) e as abstencións de José Manuel Traba Fernández, Santiago Insúa Esmorís-Recamán, Daniel Juan Benlloch Rivas, Jenifer Suárez Silva e Leonor Castreje Fernández (PP).

Polo que acordo enténdese adoptado por maioría absoluta:

-6 VOTOS A FAVOR (PSG-PSOE e BNG).

- 5 VOTOS ABSTENCIÓNS (PP)

No seguinte senso:

PRIMEIRO.- Solventar o reparo que consta no informe da Secretaria-Interventora, atendendo que as prestacións foron realizadas e co fin de evitar o menor perxuízo económico ao concello polo devengo dos xuros de demora.

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de Recoñecemento Extraxudicial de Crédito 1/2021 con cargo ás aplicacións orzamentarias correspondentes, por un importe total 235.305,22 Euros segundo o detalle que figura na relación FRAS. REC. EXT. 1/2021.

TERCEIRO.- Proceder ao recoñecemento e liquidación das obrigas anteriores con cargo a aplicación orzamentaria que figura no cuadro anterior.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

TERCEIRO.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS (ANUALIDADE 2021).

Vistas as Bases reguladoras Plan Provincial de Cooperación ás OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNIDO DE CONCELLOS) POS+ 2021.

Atendendo ao disposto no articulado das devanditas Bases, os concellos poderán solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignado aos seguintes obxectos:

- PAGO A PROVEDORES.

En primeiro lugar, os concellos deberán obrigatoriamente destinar a cantidade asignada neste Plan en concepto de “achega provincial 2020” e “achega provincial 2021” (non “préstamo provincial 2021”) ao pago das súas débedas con provedores cuxas facturas teñan data de entrada no Rexistro Xeral do concello ata o 30 de xuño de 2020, este incluído, que estean pendentes de pago no momento da elaboración do informe que para estes efectos emita a Intervención ou Secretaría-Intervención do concello, ou quen corresponda nos municipios de gran poboación, separando as facturas que se imputan ao capítulo II do orzamento municipal e as que se imputan ao capítulo VI, segundo se detalla na Base 5.B.1. No caso de que o concello teña débedas con provedores con estes requisitos, deberá aplicar ao seu financiamento, en primeiro lugar, a “achega provincial 2020”, ata esgotala, e posteriormente, deberá aplicarse a “achega provincial 2021”, ata esgotala tamén, coa única excepción que se indica no penúltimo parágrafo da Base 2.1. Non obstante, o concello tamén poderá, voluntariamente, destinar as ditas achegas provinciais 2020 e 2021 ao financiamento doutras facturas con data de entrada no Rexistro Xeral do concello posterior ao 30 de xuño de 2020 que estean pendentes de pago no momento da elaboración do referido informe, segundo se detalla na Base 2.1. A cantidade restante poderá destinala cada concello aos outros obxectos, segundo corresponda polo tipo da achega provincial:

- GASTO CORRENTE.

O concello poderá destinar a “achega provincial 2021”, ou excepcionalmente a “achega provincial 2020” no suposto previsto no último parágrafo da Base 2.2, ao financiamento dos seus gastos correntes orixinados polos servizos de competencia municipal obrigatorios do exercicio 2021, segundo se detalla na Base 5.B.2, sen límite ningún.

- REALIZACIÓN DE INVESTIMENTOS.

O concello poderá destinar a “achega provincial 2021” e a “achega provincial 2020” ao financiamento de investimentos de competencia municipal. Cada investimento deberá imputarse soamente a un destes tipos de achega provincial, sen que para estes efectos poidan sumarse as distintas achegas.

- REDUCCIÓN DA DÉBEDA DO CONCELLO CON ENTIDADES FINANCEIRAS.

Por outra parte, no que se refire ao “préstamo provincial 2021”, o concello unicamente poderá aplicalo a reducir o seu endebedamento con entidades financeiras.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

- GASTOS SOCIAIS.

O concello poderá destinar a "achega provincial 2021 extraordinaria" ao financiamento dos gastos sociais, segundo se detallan na Base 12, a través do "POS+Adicional 1/2021 para gastos sociais extraordinarios". En resumo, os obxectos que poden solicitar os concellos con cargo aos distintos tipos de achega e préstamo provincial destinados ao financiamento deste Plan son os que a continuación se detallan, tendo en conta que o "préstamo provincial 2021" destinarase só á redución do endebedamento do concello con entidades financeiras.

Atendendo aos antecedentes de feito, o Alcalde-Presidente PROPÓN a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) "Pos +2021" da Deputación Provincial de A Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2021" "achega provincial 2020" e "préstamo provincial 2021".

A)Financiamento do pago a provedores:

ACHEGAS	Capítulo II	TOTAL
Achega provincial 2020 aplicado no financiamento do pago a provedores.	70.443,77	70.443,77
Achega provincial 2021 aplicado no financiamento do pago a provedores.	24.858,83	24.858,83
SUBTOTAL PAGO A PROVEEDORES	95.302,6	95.302,6

B)Financiamento do gasto corrente:

ACHEGAS	DEPUTACIÓN
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	102.737,25
SUBTOTAL GASTO CORRENTE	102.737,25

C) RESUMO:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

Subtotais		Deputación	Concello	Total
Pago a provedores	Achega 2020	70.443,77	-----	70.443,77
	Achega 2021	24.858,83	-----	24.858,83
Gastos correntes	Achega 2021	102.737,25	-----	102.737,25
TOTAL	Achega 2021	127.595,78	-----	127.595,78
	Achega 2020	70.443,77	-----	70.443,77
	TOTAL	198.039,55	-----	198.039,55

SEGUNDO.- Aprobar o Plan Complementario anualidade 2021 no que se inclúen os investimentos financieramente sostibles e que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

RÚA DA CHARCA FASE I	54.569,09
RUA DA CHARCA FASE II	68.741,84
MELLORA CAMIÑO DA INSUA FASE I	40.014,81
MELLORA CAMIÑO DA INSUA FASE II	66.707,43
SANEAMENTO RÚA FEDERICO ÁVILA	121.981,83
EDAR CASTRO E VILAR	89675,79
TOTAL PLAN COMPLEMENTARIO	441.690,79



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

TERCEIRO.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos; con respecto as autorizacións sectoriais, nunha parte das actuacións xa están resoltas favorablemente pola Administración competente na materia, noutra parte das actuación en fase de resolución pola Administración competente na materia.

CUARTO.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021, se a houbera.

QUINTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada se si esta se produce efectivamente.

SEXTO.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións Públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existen axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a suma total non supera o 100% do seu importe.

SÉTIMO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administracións Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está o corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

OITAVO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

INTERVENCIÓNS:

O Alcalde-Presidente explica o contido da solicitude desta subvención no seguinte senso: Por un lado se vedes hai un apartado de pago aos provedores que recolle as facturas pendentes antes do 30 de xuño do 2020 e polo que fai ao Plan Complementario é o do ano pasado; por outro lado, este ano tampouco non se solicitan créditos xa que tampouco podíase pedir porque era só para pagar débedas con entidades bancarias.

O Concelleiro do Partido Popular, José Manuel Traba considera unha mala xestión que unha parte do Plan vaia para gasto corrente e para o pago a provedores, sendo consciente de que o pago a provedores é prioritario; Polo que fai ao Plan Complementario é o mesmo, non só hai que vender que se van facer as obras, se non que hai que facelas.

O Alcalde-Presidente responde polo que fai a partida a pago a provedores, está motivado porque estivemos traballando cun orzamentos non realistas, démonos conta de que a principios de ano pagábanse facturas do ano anterior, sen levar a cabo un recoñecemento extraxudicial de crédito e sen estar ao corrente no pago a provedores.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

Acto seguido sométese a votación a proposta, quedando ADOPTADO cos votos a favor de José Marcote Suárez, Soledad Vilela Romero, María Rocío Mariño López, Alexandre Domínguez Lado (PSG-PSOE), Xan Carlos Sar Oliveira, Teresa Fernández Martínez (BNG) e as abstencións de José Manuel Traba Fernández, Santiago Insúa Esmorís-Recamán, Daniel Juan Benlloch Rivas, Jenifer Suárez Silva e Leonor Castreje Fernández (PP).

Polo que acordo enténdese adoptado por maioría absoluta:

-6 VOTOS A FAVOR (PSG-PSOE e BNG).

-5 VOTOS ABSTENCIÓNS (PP).

No seguinte senso:

PRIMEIRO.- Participar no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) "Pos +2021" da Deputación Provincial de A Coruña, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignados aos obxectos que se indican a continuación, separando os que se financian con cargo a "achega provincial 2021" "achega provincial 2020" e "préstamo provincial 2021".

A)Financiamento do pago a provedores:

ACHEGAS	Capítulo II	TOTAL
Achega provincial 2020 aplicado no financiamento do pago a provedores.	70.443,77	70.443,77
Achega provincial 2021 aplicado no financiamento do pago a provedores.	24.858,83	24.858,83
SUBTOTAL PAGO A PROVEEDORES	95.302,6	95.302,6

B)Financiamento do gasto corrente:

ACHEGAS	DEPUTACIÓN
Achega provincial 2021 aplicada ao financiamento de gastos correntes	102.737,25
SUBTOTAL GASTO CORRENTE	102.737,25

C) RESUMO:

Subtotais		Deputación	Concello	Total
Pago provedores	a Achega 2020	70.443,77	-----	70.443,77
	Achega 2021	24.858,83	-----	24.858,83



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

Gastos correntes	Achega 2021	102.737,25	-----	102.737,25
TOTAL	Achega 2021	127.595,78	-----	127.595,78
	Achega 2020	70.443,77	-----	70.443,77
	TOTAL	198.039,55	-----	198.039,55

SEGUNDO.- Aprobar o Plan Complementario anualidade 2021 no que se inclúen os investimentos financieramente sostibles e que a continuación se indican e aprobar os correspondentes proxectos:

RÚA DA CHARCA FASE I	54.569,09
RUA DA CHARCA FASE II	68.741,84
MELLORA CAMIÑO DA INSUA FASE I	40.014,81
MELLORA CAMIÑO DA INSUA FASE II	66.707,43
SANEAMENTO RÚA FEDERICO ÁVILA	121.981,83
EDAR CASTRO E VILAR	89675,79
TOTAL PLAN COMPLEMENTARIO	441.690,79

TERCEIRO.- Declarar que o Concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos; con respecto as autorizacións sectoriais, nunha parte das actuacións xa están resoltas favorablemente pola Administración competente na materia, noutra parte das actuación en fase de resolución pola Administración competente na materia.

CUARTO.- Comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2021 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos no POS+2021, se a houbera.

QUINTO.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste Concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada se si esta se produce efectivamente.

SEXTO.- Declarar que o Concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións Públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existen axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a suma total non supera o 100% do seu importe.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

SÉTIMO.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administracións Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o Concello está o corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

OITAVO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

CUARTO.-PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE DO POS+ADICIONAL 1/2021 PARA O FINANCIAMENTO DE GASTOS SOCIAIS EXTRAORDINARIOS.

Vistas as Bases reguladoras Plan Provincial de Cooperación ás OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNIDO DE CONCELLOS) POS+ 2021.

Atendendo ao disposto no articulado das devanditas Bases, os concellos poderán solicitar a aplicación da achega e o préstamo provincial asignado aos seguintes obxectos:

- GASTOS SOCIAIS.

O concello poderá destinar a "achega provincial 2021 extraordinaria" ao financiamento dos gastos sociais, segundo se detallan na Base 12, a través do "POS+Adicional 1/2021 para gastos sociais extraordinarios". En resumo, os obxectos que poden solicitar os concellos con cargo aos distintos tipos de achega e préstamo provincial destinados ao financiamento deste Plan son os que a continuación se detallan, tendo en conta que o "préstamo provincial 2021" destinarase só á redución do endebedamento do concello con entidades financeiras.

O importe asignado ao Concello de Fisterra por este concepto é un total de 77.330,96 Euros.

Atendendo aos antecedentes de feito, o Alcalde-Presidente PROPÓN a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO.- Participar no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ADICIONAL 1/2021 da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Secretaría-Intervención do Concello, según se indica a continuación:

Achega provincial asignada aplicada ao financiamento dos gastos sociais extraordinarios.	77.330,96
--	-----------

Gastos sociais extraordinarios	Previsión de gastos 2021	Estimación ingresos públicos ou privados	Estimación do gasto a financiar polo Concello



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes as persoas soas o familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social, con baixos e nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura de necesidade básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a integración.	45.330,96	45.330,96	0,00
c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios	5.000,00	5.000,00	0,00

d) Ampliar o servizo axuda a domicilio en todas a súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc	7.000,00	7.000,00	0,00
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais	15.000,00	15.000,00	0,00
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas	5.000,00	5.000,00	0,00
TOTAL	77.330,96	77.330,96	0,00

SEGUNDO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

INTERVENCIÓNS:

O Alcalde-Presidente indica que atendendo a proposta a maior parte da subvención destinarase a axuda de emerxencia, outra parte a axuda a escolarización e unha partida tamén a seguridade para os traballadores de axuda a domicilio.

O Concelleiro do Partido Popular, José Manuel Traba indica que o Partido Popular votara a favor esta proposta, pero entende que se terían que regular cun criterios obxectivos as axudas sociais; tamén se se aproban unha línea de axudas para libros e escolarización que haxa unhas bases coa finalidade de regular as devanditas axudas.

Acto seguido sométese a votación a proposta, quedando ADOPTADO este ACORDO por UNANIMIDADE e por tanto MAIORÍA ABSOLUTA (ONCE VOTOS A FAVOR CONCELEIROS/AS), acordo adoptado no seguinte senso:

PRIMEIRO.- Participar no Plan Provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) POS+ADICIONAL 1/2021 da Deputación Provincial da Coruña para o financiamento dos gastos sociais extraordinarios, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos gastos sociais que se detallan no informe emitido pola Secretaría-Intervención do Concello, según se indica a continuación:

Achega provincial extraordinarios.	asignada a	aplicada a	ao financiamiento	dos gastos sociais	77.330,96
------------------------------------	------------	------------	-------------------	--------------------	-----------

Gastos sociais extraordinarios	Previsión de gastos 2021	Estimación de ingresos públicos ou privados	Estimación do gasto a financiar polo Concello
b) Ampliar e dotar as partidas destinadas a garantir ingresos suficientes as persoas soas o familias, maiores, persoas con diversidade funcional, mulleres en risco de exclusión social, con baixos e nulos ingresos económicos, mediante axudas económicas para asegurar a cobertura de necesidade básicas: vivenda, alimentación, electricidade, gastos médicos ou farmacéuticos, transporte, que favorezan a	45.330,96	45.330,96	0,00



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

integración.			
c) Axudas as familias para gastos que faciliten a escolarización, material informático, acceso aos medios dixitais valoradas por os profesionais dos servizos sociais comunitarios	5.000,00	5.000,00	0,00

d) Ampliar o servizo axuda a domicilio en todas as súas modalidades, e calquera outro de análoga natureza que se preste no domicilio da persoa como rehabilitación, perruquería, podoloxía, comedor sobre rodas, etc	7.000,00	7.000,00	0,00
g) Adquisición de medios de prevención (EPIS) destinados exclusivamente aos profesionais	15.000,00	15.000,00	0,00
h) Outras medidas que os servizos sociais das entidades locais consideren imprescindibles e urxentes para atender as persoas especialmente vulnerables, así como os servizos e centros de carácter municipal, con motivo desta crise e sexan debidamente xustificadas	5.000,00	5.000,00	0,00
TOTAL	77.330,96	77.330,96	0,00

SEGUNDO.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

QUINTO.- PROPOSTA DA APROBACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE FISTERRA 2020-2024.

Visto o documento elaborado por Nos Igualdade o cal asunto é o PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

Este documento está integrado polos seguintes apartados:

- 1.- Presentación.
- 2.- Introducción.
- 3.- Marco Normativo.
- 4.- Características do Concello de Fisterra, Análise Dafo.
- 5.- Principios orientadores.
- 6.- Características e fases de elaboración de I PIOM.
- 7.- Liñas estratéxicas e contido do I PIOM.
- 8.- Seguimento e avaliación.

Na presentación deste Plan, por parte desta Alcaldía-Presidencia indícase que se trata do primeiro Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Fisterra 2020-2024, un plan estratéxico que serve de motor para unha transformación que permita seguir mudando cara unha sociedade máis igualitaria.

Atendendo aos antecedentes de feito que constan no expediente, PROPONSE ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO: Aprobar o documento Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Fisterra 2020-2024, elaborado por Nos Igualdade.

TERCEIRO.- Publicar este documento na páxina web municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Fisterra.

INTERVENCIÓNS:

O Alcalde-Presidente na súa intervención indica que se trata do primeiro Plan de Igualdade deste Concello.

Para o Concelleiro do Partido Popular, José Manuel Traba este Plan é un copia e pega doutros Plans de Igualdade, no que se introducen os datos estadísticos referentes ao Concello de Fisterra, Polo que fai o coste, teño unha dúbida con respecto ao gasto, se os 10.000,00 Euros é para un ano ou para os cinco anos.

Pola Concelleira de Servizos Sociais, respóndese que é para os cinco anos.

Acto seguido sométese a votación a proposta, quedando ADOPTADO este ACORDO por UNANIMIDADE e por tanto MAIORÍA ABSOLUTA (ONCE VOTOS A FAVOR CONCELLEIROS/AS), acordo adoptado no seguinte senso:



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

PRIMEIRO: Aprobar o documento Plan de Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Fisterra 2020-2024, elaborado por Nos Igualdade.

TERCEIRO.- Publicar este documento na páxina web municipal e no Portal de Transparencia do Concello de Fisterra.

SEXTO.- MOCIÓNS.

Non hai mocións,

SÉTIMO.- DAR CONTA DOS SEGUINTE ASUNTOS XUDICIAIS:

Polo Alcalde-Presidente dase conta das seguintes sentencias:

- SENTENCIA 00071/2020.
- XUZGADO CONTENCIOSO NÚMERO 1 (EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 0000017/2020-S).
- XUZGADO CONTENCIOSO Nº 2 (EXECUCIÓN DE TÍTULOS XUDICIAIS 22/2020).

OITAVO.- DAR CONTA DECRETOS DE ALCALDÍA DO MES DE XANEIRO 2021.

Os Concelleiros/as danse por enterados.

NOVENO.- ROGOS E PREGUNTAS.

O Concelleiro do PP, José Manuel Traba pregunta pola contratación dun vedel para o colexio.

O Alcalde-Presidente responde que dentro das competencias dos Concellos non está a de contratar un vedel, xa que son atribucións da Xunta de Galicia.

Polo Concelleiro do BNG, Xan Carlos Sar indícase que lle recomenda tal como fixo no seu momento o BNG cando estaban na oposición que presenten moción sobre os asuntos que lles preocupan, polo tanto deberían presentar unha moción onde se solicite un vedel para o colexio.

O Concelleiro do PP, José Manuel Traba replica respondendo que o que queren e que se poña un vedel, xa que eles non son de facer ruído.

O Concelleiro do PP, José Manuel Traba pregunta polas luces no paseo e pola situación de inundacións que se dou debido as chuvias no paseo.

O Alcalde-Presidente responde que colocaron as luces no paseo cunha subvención, con informes sectoriais favorables excepto o de Patrimonio Natural, que non dou resposta en prazo, e que entendemos que era de natureza favorable, xa que tiñamos que executar a actuación se non se perdía a subvención.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

En canto a auga, aínda que se puxo a pasarela cando hai choivas fortes, nesa zona en concreto é moi complicado.

O Concelleiro do PP, José Manuel Traba responde polo que fai ao alumeadado que non lle parece correcto facer unha actuación destas características cunha autorización sectorial desfavorable.

O Concelleiro do PP, José Manuel Traba pregunta cando se vai a desmontar o parque público que está a carón da igrexa.

O Alcalde-Presidente responde que se desmontará porque é un perigo.

O Concelleiro do PP, José Manuel Traba pregunta se se vai a desmontar ou facer un novo., xa que ven a primavera e a Semana Santa e os nenos terán que dispor dun espazo adecuado para xogar.

O Alcalde-Presidente responde que se hai algunha subvención da Xunta para Infraestructuras solicitarase, se non e dependendo do remanente que dispoñamos, farase por parte do Concello esta actuación; Na mesma situación atópase o pabellón municipal.

O Concelleiro do Partido Popular considera que é necesario o arranxo do pabellón municipal, xa que está moi deteriorado.

O Alcalde-Presidente mostra a súa conformidade co anterior.

O Concelleiro do PP, José Manuel Traba pregunta que atendendo ao estado de alarma, que que se vai facer coas concesións administrativas, e o das terrazas, como se atopa.

O Alcalde-Presidente responde que o asunto das concesións das casetas está nos tribunais, en concreto no contencioso; Incluso entendendo a situación xerada pola pandemia, nos temos que facer as cousas polo libro; tamén nos presentaron unhas solicitudes para o reequilibrio e o aprazamento que as estamos estudando.

O Concelleiro do PP, José Manuel Traba pregunta cómo está o Pepri.

O Alcalde-Presidente responde que despois de que o documento xa foi entregado ao Concello pola empresa de Alfonso Botana, agora está en exposición pública.

O Concelleiro do PP, José Manuel Traba pregunta cómo está o Inventario Municipal.

O Alcalde-Presidente responde que tamén o temos pero hai que retocar algunhas cousas, antes de proceder a tramitar o documento.



CONCELLO DE FISTERRA

Rúa Santa Catalina, 1

15155 FISTERRA (A Coruña)

C.I.F.: P1503800C

En relación tanto co Pepri coma co Inventario Municipal, atendendo que o cambio de Secretario-Interventor sempre é un trauma, pero nas nosas circunstancias aínda máis, visto que a marcha do anterior Secretario non foi amistosa, xa que nin siquiera quixo falar coa nova Secretaria para indicarlle como quedaban os expedientes; esta situación xenera unha serie de problemas que nos están trastocando.

O Alcalde-Presidente finaliza dando as grazas polo bo facer aos/as Concelleiros/as neste Pleno, de carácter telemático.

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o alcalde levanta a sesión, sendo ás 17,20 horas do expresado día.